

1.- Curso sobre Análise multinivel

A *Escuela Andaluza de Salud Pública* organiza un curso sobre **Análise multinivel**, co obxectivo de capacitar aos asistentes na análise da información que posúa unha estrutura xerárquica ou grupal. O curso terá lugar en Granada do 11 ao 14 de decembro de 2012, e consistirá en clases teórico-prácticas, con análise estatística de datos e discusión de casos reais.

Programa do curso:

- Modelos Lineais Xeneralizados
- Deseños epidemiolóxicos con estrutura de datos xerárquica ou grupal
- Niveis de análise e tipos de variabilidade
- Modelos de regresión multinivel
- Análise multinivel con variable dependente continua
- Análise multinivel con variable dependente dicotómica
- Software para a estimación de modelos de regresión multinivel: MLwiN

O prazo de preinscrición remata o 15 de outubro de 2012.

Máis información: <http://www.easp.edu.es/ProgramaDocente/>

2.- XXV Seminario Internacional de Estatística

O *Instituto Vasco de Estadística*, EUSTAT, organiza o XXV **Seminario Internacional de Estatística**, baixo o seguinte título:

GEOESTATÍSTICA: ANÁLISE DE DATOS ESPACIAIS

- Datat: 5 e 6 de novembro de 2012
- Lugar: EHU-UPV Facultade de Letras .Gasteiz-Vitoria
- Profesora: Christine Thomas-Agnan

O prazo para realizar a matrícula remata o día 19 de outubro de 2012.

Máis información: http://www.eustat.es/idioma_c/seminario_c.asp#axzz282dQNfHb

3.- Seminario na USC

O día 6 de novembro de 2012 terá lugar, na aula 0 da Facultade de Matemáticas, o seguinte seminario:

11:00-12:00: “Calibration of stochastic volatility models by convex regularization”. **Jorge Zubelli** (Instituto Nacional de Matemática Pura e Aplicada — IMPA (Brasil)).

4.- Conferencia e seminario na USC

A vindeira semana, o profesor **Steve Marron** (University of North Carolina at Chapel Hill, EEUU) impartirá unha conferencia e un seminario na Facultade de Matemáticas.

Conferencia (organizada polo Instituto de Matemáticas):

- Día: 16 de outubro de 2012
- Hora: 18:00-19:00
- Lugar: aula magna da Facultade de Matemáticas
- Título: *Object Oriented Data Analysis (OODA)*

Seminario:

- Día: 19 de outubro de 2012
- Hora: 17:30-18:30
- Lugar: sala de xuntas da Facultade de Matemáticas
- Título: *OODA of Tree-Structured Data Objects*

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>